

BANDO MUNICIPAL


O abandono na conservación dalgúns predios, soares e en xeral espazos verdes particulares, producido fundamentalmente polo crecemento da maleza e a carencia de valado, ocasiona un deterioro nas condicións medioambientais, relacionadas coa salubridade, seguridade e ornato público e contribúe a incrementar notablemente o risco de que os incendios forestais podan achegarse con perigosidade ás vivendas e edificacións que non teñan realizada a correspondente faixa de protección perimetral, segundo o establecido pola Lei 3/2007, de prevención e defensa contra incendios forestais.

É interese do Concello de Santiago evitar, na medida do posible, este feitos, a tal efecto, dexeso lembrar a todos os cidadáns de Compostela a normativa vixente sobre adecentamento e conservación dos predios, soares e zonas verdes privadas, e en particular o referido en materia de disciplina urbanística e de prevención e defensa contra incendios forestais.

Polo tanto, ao abeiro da competencia que me outorga o art. 124 de la Ley 7/85, de 2 de Abril, Reguladora de las Bases de Régimen Local

DISPOÑO

1. Que os propietarios de toda clase de terreos deberán mantelos en óptimas condicións de seguridade e ornato público
2. Que segundo o disposto no artigo 21.1.b da Lei 3/2007, de prevención e defensa contra incendios forestais, deberase xestionar a biomasa vexetal aorredor de calquera núcleo poboacional, edificación, urbanización, depósito de lixo, instalacións recreativas, obras, parques e instalacións industriais, situadas a menos de 400 metros do monte. Son persoas responsables de levar a cabo estas tarefas as propietarias, arrendatarias, usufrutuarias ou persoas titulares de calquera outro dereito real ou persoal sobre estes terreos.
3. O incumprimento deste bando supón unha infracción do artigo 9º da Lei do Solo de Galicia, e do artigo 50 e 51 da Lei 3/2007, de prevención e defensa contra incendios forestais, previéndose a imposición de multas coercitivas de 300 a 6000 Euros reiterables ata lograr a execución correspondente.



**CONCELLO DE
SANTIAGO**

4. Cando proceda, esixirase a correspondente responsabilidade penal ou civil polos danos e prexuízos que puideran ocasionarse.

O que se fai publico para xeral coñecemento e cumprimento.

Santiago de Compostela, 17 de julio de 2012

O Alcalde

